

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 23 DE MARZO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Lago Rey, M^a Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de marzo do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa,

Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente, convocada para o día de hoxe ás nove horas, tres puntos da orde día, ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos a sesión. Antes de iniciar esta sesión, quereda pedirlle a esta Corporación que gardásemos un minuto de silencio polas vítimas do atentado de onte na cidade de Londres e singularmente polo falecemento de Aysha Frade.

Gárdase un minuto de silencio polas vítimas do atentado acaecido en Londres e singularmente polo falecemento de D^a Aysha Frade.

PRESIDENCIA: Hoxe dende a FEMP, convocarase un minuto de silencio ás 12,00 da mañá en tódolos concellos de España en repulsa do terrorismo e a barbarie salvaxe que onte tivo lugar na cidade de Londres.

1(41).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez

Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

**2(42).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. REXISTRO PLENO
1536/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 20 de marzo de 2017, a técnica de Relacións Públicas formula, para o presente ano 2017 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade, o seguinte informe proposta:

“O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, nos seus artigos 189, 190 e 191 faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións. Un regulamento especial determina os trámites oportunos.

O Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece no artigo 7º, como distinción, a Medalla da Cidade. O artigo 3º dispón que se poderá propoñer por moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de concelleiros e concelleiras igual á maioría absoluta.

No exercicio das súas atribucións nesta materia, a Excma. Corporación Municipal de Vigo, propón concederlle a Medalla da Cidade, neste 2017, ao Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía.

A proposta reconece o papel dos cen anos do Centro Oceanográfico de Vigo no Instituto Español de Oceanografía afrontando amplos retos na investigación, desenvolvemento e consello científico dirixido a dar resposta aos requirimentos e retos sectoriais en materia de mellora do medio ambiente, pesca, acuicultura, salubridade e calidade dos produtos alimenticios de orixe mariña.

Polo antedito, propónse ao Pleno da Excma. Corporación a adopción do seguinte acordo...”

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte

dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2017, ao Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía en consideración ao seu papel fundamental na investigación mariña”

3(43).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. REXISTRO PLENO 1528 E 1529/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de marzo de 2017, a técnico de Relacións Públicas, formula o seguinte informe-proposta:

“O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189, 190 e 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5º.3. Do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de **Vigués Distinguido** para galardoar *“á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría”*.

A facultade de nomeamento corresponde ao Pleno da Corporación, recollendo as propostas do Goberno Municipal e suxestións de propostas doutros grupos municipais.

A proposta do presente ano 2017, segundo notas recollidas no expediente, é a seguinte:

- Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo (CRACC).
- José Silveira Cañizares
- Ramón Patiño Gómez
- Mayeysis Conservatorio das Artes
- Mercedes Oliveira Malvar
- Colexio de Fomento As Acacias-Montecastelo
- Recuperación do Casco Vello simbolizado na Asociación de Comerciantes do Casco Vello.

- **CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO (CRACC)**

O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo foi fundado en abril do ano 1967 de forma oficial aínda que o grupo fundador comezara a súa actividade un ano antes.

Estes fundadores eran un grupo de mozos da parroquia que ante a inexistencia dun espazo onde dar cabida ao desenrolo intelectual e onde dar un emprego axeitado ao seu tempo de lecer, decidiron comezar esta marabillosa aventura.

A idea fundamental era a de dispoñer dun centro socio-cultural aberto a participación de tódolos cidadáns foran ou non da parroquia.

Por estes cincuenta anos de historia nos que o CRACC segue a ser o referente ineludible de vida social, cultural e asociativa da parroquia de Coruxo propónse ao Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo *Vigués Distinguido 2017*.

- **José Silveira Cañizares**

Fillo dun funcionario de orixe galego, optou por Vigo para comezar a traballar como oficial de máquinas nos primeiros rastreiros conxeladores de Pescanova.

Só tardou 9 anos en fundar Remolcanosa(Remolcadores Nosa Terra S.A.), en 1974, pequena compañía de remolcadores.

Ademais dos negocios navieiros e os sanitarios, o Grupo Nosa Terra XXI inclúe participacións en estaleiros, lavanderías industriais, inmobiliarias, empregando no seu conxunto a mais de 5.000 persoas.

Polo seu esforzo, entrega e extraordinaria perípeca empresarial propónse a José Silveira Cañizares como *Vigués Distinguido 2017*.

- **RAMÓN PATIÑO GÓMEZ**

Ramón Patiño Gómez é un arqueólogo e historiador vigués nado no barrio de Coia.

Ademais de dirixir importantes escavacións e traballos de arqueoloxía e presidir o grupo “García Alén” foi director da revista “Pontevedra Arqueolóxica”.

Por dedicar toda a súa vida a poñer en valor a riqueza do patrimonio somerxido na rías galegas propónse a Ramon Patiño Gómez como *Vigués Distinguido 2017*.

- **MAYEUSIS CONSERVATORIO DAS ARTES POLO MOTIVO DO 30 ANIVERSARIO DA SÚA FUNDACIÓN E POSTA EN MARCHA NA CIDADE DE VIGO.**

O Conservatorio Mayeysis é un centro educativo fundado no ano 1987 no número 118 da rúa Areal, situación que se mantén na actualidade.

Os impulsores deste proxecto foron un grupo de persoas que crían profundamente que outro tipo de educación artística era posible, respectando os principios fundamentais dos alumnos e imprimíndolle a esta formación, tan anárquica naqueles tempos, un selo de “normalidade”, do que xa desfrutaban as ensinanzas que se impartían en Escolas Infantís, centros de primaria e institutos.

Polos 30 anos do único centro do estado español no que o alumnado pode cursar nel toda a súa formación artística, desde os mais prematuros inicios ata acabar a formación Superior coa obtención dun Título Superior equivalente aos actuais Graos Universitarios, converténdose nun referente cultural, artístico e educativo propónse ao Conservatorio Mayeysis como *Vigués Distinguido 2017*.

- **MERCEDES OLIVEIRA MALVAR (CHIS)**

Filla do célebre escultor galego Juan Oliveira, Chis mostrou moi cedo unha clara inquietude cara os evidentes conflitos entre a construción cultural de xénero e a identidade individual.

Licenciouse en Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela e anos mais tarde en Pedagogía na mesma Universidade. Foi presidenta da ONG de derechos sexuais Federación de Planificación Familiar Estatal entre 1998 e 2004.

Despois de dar clases en varios institutos na actualidade é catedrática de

Filosofía no Instituto Alexandre Bóveda de Vigo. Ademais colabora cos Centros de Formación do Profesorado e do persoal socio-sanitario, impartindo cursos de filosofía, prevención de violencia de xénero, intelixencia emocional, educación sentimental, coeducación e educación sexual.

Por ser unha das voces pioneiras en materia de educación sexual propónse a Mercedes Oliveira Malvar como Viguesa Distinguida 2017.

● **COLEXIO DE FOMENTO AS ACACIAS - MONTECASTELO. POR 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE**

As Acacias é un colexio concertado plurilingüe de Fomento en Vigo que se fundou en 1966. Trátase dun colexio feminino, excepto en Infantil, que é mixto. Encóntrase situado nunha zona rodeada de eucaliptos, cunhas magníficas vistas sobre a cidade e a ría, cas illas Cíes ao fondo.

Montecastelo é un colexio concertado plurilingüe de Fomento que se fundou en Vigo no mesmo ano. Está situado nunha zona tranquila, ás aforas de Vigo pola estrada de Madrid, e moi ben comunicado coa cidade.

Os principais trazos da ensinanza destes colexios son a educación personalizada a excelencia educativa e a identidade cristián

Polos 50 anos de permanencia na cidade propónse ao Colexio de Fomento As Acacias-Montecastelo *Vigués Distinguido 2017*.

● **RECUPERACIÓN DO CASCO VELLO SIMBOLIZADO NA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS VIGO VELLO**

Ao equipo humano que está fortalecendo este espazo da cidade encabezado pola Asociación de Comerciantes do Casco Vello.”

A proposta foi consultada coa Xunta de Voceiros, na súa sesión extraordinaria do 21.03.2017.

DEBATE:

PRESIDENCIA: A proposta é darlle ao Vigués/as Distinguidos ao Centro Recreativo Artístico Cultural de Coruxo; Conservatorio Mayeysis; Xosé Silveira; Ramón Patiño; Mercedes Oliveira; Colexio Fomento As Acacias- Montecastelo; proceso de recuperación do Casco Vello simbolizado na Asociación de Comerciantes e

Hostaleiros de Vigo Vello.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Primeiro preguntar porque se solicitara na Xunta de Voceiros se se ía facer unha votación por separado das propostas.

PRESIDENCIA: En principio acostumamos a facer votación global, se alguén quere unha votación ou unha singularización dalgún pode solicitalo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós nesa liña preferimos que sexa unha votación particularizada en cada proposta.

PRESIDENCIA: De todos modos quero sinalar algo, se este é o mecanismo a partires de agora funcionaremos doutra forma e por maiorías, a costume para quitar estes premios é votar globalmente, agás unha circunstancia moi especial, se hoxe sometemos isto á votación singular de cada un, rematará o consenso como é natural, porque se votamos cada unha das opcións, o mecanismo de concesión será diferente.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Quero mostrar a miña sorpresa ante as afirmacións do Presidente falando de consenso cando se modificou unha proposta feita por este grupo municipal de forma unilateral por parte do goberno e por parte do seu Alcalde, eu creo que o consenso está roto por vontade deste goberno, por vontade súa Sr. Alcalde, modificando unha proposta e rompendo un consenso que se fixo sempre un ano máis, porque o ano pasado tamén pasou e polo tanto aquí quen está alterando a vontade e quen non está a respectar as propostas dos grupos, dende logo non é o grupo municipal do Partido Popular que respecta absolutamente tódalas propostas que fixeron o resto dos grupos municipais, non recibiu o mesmo.

PRESIDENCIA: Queda claro que se votamos a partires de agora será por maioría e minorías a concesión dos Vigueses Distinguidos. Polo tanto, e tendo en conta que esta é unha proposta unitaria, vou facer a cuestión de votar un a un, eu xa adianto que nós non imos a abstermos nin opoñernos a ningunha das propostas porque nós

queremos que a votación da proposta que se trae aquí sexa por consenso. Procedemos á votación singular.

- CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO (CRACC).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobada a proposta.

- JOSÉ SILVEIRA CAÑIZARES

VOTACIÓN: Con vintedous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda aprobada a proposta.

- RAMÓN PATIÑO GÓMEZ

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobada a proposta.

- MAYEUSIS CONSERVATORIO DAS ARTES

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación,

dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobada a proposta.

- MERCEDES OLIVEIRA MALVAR

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobada a proposta.

- COLEXIO DE FOMENTO AS ACACIAS-MONTECASTELO

VOTACIÓN: Con vintedous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda aprobada a proposta.

- RECUPERACIÓN DO CASCO VELLO SIMBOLIZADO NA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO CASCO VELLO.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobada a proposta.

ACORDO:

Conceder o título de Vigüés Distinguido, Reconquista 2017 ás seguintes persoas e

institucións:

- Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo (CRACC).
- José Silveira Cañizares
- Ramón Patiño Gómez
- Mayeuis Conservatorio das Artes
- Mercedes Oliveira Malvar
- Colexio de Fomento As Acacias-Montecastelo
- Recuperación do Casco Vello simbolizado na Asociación de Comerciantes do Casco Vello.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e dezasete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.